

**Programación Didáctica do Departamento de Música
do I.E.S. Fernando Esquíó de Neda.**

Curso 2022-2023

**Xefe de Departamento:
Paulino Pereiro Martínez**

N.R.P. 3242927768A0590

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	páx. 3-4
2. Contextualización. Cursos, materias e membros do departamento.	páx. 5
3. Obxectivos xerais da ESO.....	páx. 7
4. Contribución da materia ao logro das competencias clave e estándares de aprendizaxe.....	páx.6
5. 2º ESO. Música. Contidos.....	páx. 8, 9 e 10
-Estándares de aprendizaxe.....	páx. 11
- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	páx. 12
-Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	páx. 13
- Criterios de Avaliación.....	páx. 14
- Metodoloxía	páx. 15
- Materiais e recursos didácticos a disposición do Departamento.....	páx. 16
-Indicadores de logro para avaliar o proceso da práctica docente.....	páx. 17
6. Avaliación inicial.....	páx. 18
7. Atención á diversidade.....	páx. 19
8. Temas transversais.....	páx. 20
9. Actividades complementarias.....	páx. 21
10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	páx. 22
11. Información ás familias.....	páx. 23
12. Accións de acordo co proxecto lector.....	páx. 24
13. Accións do plan de integración TIC.....	páx. 25

Introdución

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade.

Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

Contextualización da programación

O Departamento de Música ten ao seu cargo alumnos procedentes da zona de influencia de Neda e arredores, zona a medias rural e a medias urbana coas características socioculturais que iso implica. Xa que logo, a programación procurará utilizar na medida do posible elementos de aprendizaxe relacionados coa súa vida cotiá, entre eles, o da utilización do idioma vehicular que empregan a cotío nas súas vidas: o galego.

Cursos e materias que imparte o Departamento

Música: 2 grupos de **2º ESO** (A: 25 alumnos e B: 25 alumnos)

Música: 2 grupos de **3º ESO** (A: 20 alumnos e B: 20 alumnos)

Membros do Departamento e número de horas

O Departamento de Música consta dun único profesor, Xefe do Departamento, Paulino Fernando Pereiro Martínez, que imparte a materia en 2º e 3º de ESO .

O Xefe imparte 8 horas lectivas de Música.

Contribución da materia ao logro das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliáveis

1. Adquisición da **competencia cultural e artística**, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas (pintura, literatura, etc.) e cos contextos sociais e históricos de cada obra musical.

2. Desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal**, especialmente nas actividades relacionadas coa interpretación musical (perseveranza, autocrítica e autoestima).

3. **Competencia social e cidadá** para a relación cos demais, obtida a partir do traballo cooperativo da interpretación e do traballo en grupo.

4. Desenvolvemento do tratamento da información e da **competencia dixital**, mediante o dominio básico dos recursos tecnolóxicos no eido da música (hardware e software musicais).

5. Mediante a potenciación da memoria e o desenvolvemento do sentido da orde e da análise, a música contribúe ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**.

6. Co coñecemento do vocabulario musical básico, a música contribúe á **competencia en comunicación lingüística**.

7. Coa reflexión sobre os temas de contaminación sonora e sobre o uso indiscriminado da música, esta contribúe á **competencia sobre o coñecemento e interacción co mundo físico**.

8. Os principios matemáticos relacionados co aspecto físico da música (propiedades do son, división do tempo, etc.) contribúen á **competencia matemática**.

ABREVIATURAS das competencias:

CCL Comunicación lingüística

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

CD Competencia dixital

CAA Competencia en aprender a aprender

CSC Competencias sociais e cívicas

CSSIEE Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CCEC Competencia en conciencia e expresión culturais

Obxectivos xerais da ESO

1. Desfrute da audición de obras musicais, non só para goce persoal senón como medio de enriquecemento da cultura artística, co fin de crear criterios sobre os que fundamentar os gustos persoais.

2. Coñecer na práctica os medios de escritura da linguaxe musical. Aprender a descifrar minimamente unha partitura, así como a terminoloxía específica da arte da Música.

3. Calibrar a importancia da música e da súa utilización na vida cotiá e nos diferentes contextos sociais.

4. Poñerase especial énfase en que o alumnado acade algunhas das competencias básicas propostas pola Unión Europea, especialmente as seguintes:

-Competencia no tratamento da información e competencia dixital (traballarse esta competencia mediante o uso da Internet e mediante o manexo de programas informáticos relacionados coa música).

-Competencia social e cidadá (traballarse nas actividades de socialización relacionadas coa interpretación musical en conxunto).

-Competencia cultural e artística (traballarse non só cos temas relacionados coa historia da arte musical senón tamén coa arte actual, culta ou popular).

-Competencia para aprender a aprender (traballarse na maneira de que saiban organizar o tempo de estudio dos temas teóricos).

MÚSICA 2º ESO

BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

Contidos

1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.
-Explicación da altura, a intensidade, o timbre e a duración.
Temporalización: 3 clases.
2. Características da voz como medio de expresión musical.

-Explicación do funcionamento da voz e dos diferentes tipos de voces: infantís, masculinas e femininas (soprano, mezzo, contralto, castrato, falsetistas artificiais, contratenor, tenor, barítono e baixo).

Temporalización: 2 clases.
3. Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical.

-Definición de instrumento musical. Idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos e electrófonos.

-Utilización do corpo como instrumento: palmas, susurros, etc.

Temporalización: 2 clases.
4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas.

-Explicacións das principais formacións de música culta, de cámara e orquestrais (dúo, trío, cuarteto de corda, quinteto de vento, orquestra sinfónica, banda e fanfarria); formacións de música popular, os grupos pop-rock, os coros, agrupacións de música folclórica galega (o cuarteto tradicional de 2 gaitas, tamboril e bombo).

Temporalización: 2 clases.
5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

-Exercicios de respiración diafragmática e de relaxación baixo a guía do profesor.

Temporalización: 1 clase.
6. Formas de notación musical, convencionais e inventadas.

-Explicación elemental da notación alfabética (os neumas) e principios fundamentais da diastemática.

-Traballo de invención dunha escrita musical a cargo dos alumnos.

BLOQUE 2: ESCOITA

Contidos

1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións instrumentais.

-Audicións de diferentes voces e de instrumentos combinados: arias e dúos de ópera e diferentes combinacións dos instrumentos da orquestra executando música de cámara.

Temporalización: 2 clases.

2. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica.

-Explicación dos diferentes tipos de melodías e de texturas.

-Orixes do ritmo.

-A dinámica, o tempo (velocidades e maneira de indicalas: o léxico italiano, o metrónomo) e o timbre.

-A forma musical: principais estruturas: rondó, lied estrófico e ternario, a fuga e a forma sonata.

Temporalización: 2 clases.

3. A contaminación sonora.

-Definición e explicación das repercusións da contaminación acústica na vida diaria dos alumnos/as.

-Explicación do sonómetro e dos diferentes niveis de decibeles das variadas actividades humanas e dos ruídos naturais.

Temporalización: 1 clase.

BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

Contidos

1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica e publicitaria.

-Características da música escénica, da música na radio, na televisión e na publicidade.

Temporalización: 4 clases.

2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

-Breve historia dos estilos da música popular do século XX e comezos do XXI.

Temporalización: 3 clases.

3. Coñecemento e emprego dos recursos necesarios para a conservación e difusión das creacións musicais.

-A gravación musical na actualidade: o móbil / tablet, o ordenador. Breve coñecemento do funcionamento dun estudo de gravación.

Temporalización: 3 clases.

BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

Contidos

1. Utilización de software musical para a creación musical.

-Explicación elemental do programa de edición de partituras FINALE.

Temporalización: 3 clases.

2. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. A gravación dixital.

-Explicación elemental do programa MIDI de FINALE.

Temporalización: 3 clases.

Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de fragmentos musicais.
3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos sinxelos en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
4. Distingue e emprega os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol, duración das figuras e indicacións de intensidade, matices e tempo.).
5. Interpreta estruturas musicais elementais.
6. Utiliza os recursos adquiridos para crear cancións ou pequenas pezas instrumentais.
7. Memoriza e interpreta pezas vocais e/ou instrumentais do patrimonio galego, español ou universal.

Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 2: ESCOITA

1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra e dos diferentes tipos de voces.
2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna e do folclore galego, español e doutros países.
3. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

1. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.
2. Valora e respecta o patrimonio musical galego e español.

Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Coñece algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías para a actividade musical.
2. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos para a elaboración de traballos relacionados co feito musical.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Avaliación, corrección e recuperación para 2º de E.S.O.

1. Probas escritas (2 por avaliación como mínimo).
2. Probas prácticas de solfexo elemental (2 por avaliación) e interpretación en instrumentos escolares: lectura de notas, figuras, escalas e práctica de compases.
3. Dado que a avaliación do alumnado, no que se refire á práctica, é continua, as recuperacións limitaranse aos temas teóricos: un exame de recuperación por cada avaliación.
4. Farase a media matemática das probas prácticas e teóricas.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Obter un 5 de media entre todas as probas.

Criterios de avaliación

BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
2. Utiliza os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol, duración das figuras, indicacións de matiz, indicacións rítmicas e de tempo).
3. Interpreta estruturas musicais elementais.
4. Participa activamente nas actividades de interpretación.

Criterios de avaliación

BLOQUE 2: ESCOITA

1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.
2. Seguir distintos tipos de partituras como apoio ás tarefas da audición.

Criterios de avaliación

BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI

1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas, como o cine ou a publicidade.
2. Apreciar a importancia do patrimonio musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.
3. Utilizar os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

Criterios de avaliación BLOQUE 4:

MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Utilizar recursos tecnolóxicos para gravar e reproducir música.
2. Utilizar os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

Metodoloxía didáctica (para 2 ° de ESO)

As clases comezarán cunha explicación teórica sobre o tema en cuestión acudindo a audicións para exemplificar o explicado. A continuación o profesor practicará cos alumnos os elementos específicos relativos á lectura de notas, ritmos e demais elementos da linguaxe musical. Por suposto, a metodoloxía variará en función dos temas que se expliquen pero sempre se procurará que haxa en cada sesión de clase audicións e (cada certo tempo) e prácticas de técnica musical.

No apartado de prácticas, procurarase que o alumno aprenda a ler, escribir e memorizar ritmos e melodías así como a recoñecer intervalos e fórmulas rítmicas. Tamén se habituará ás pautas de interpretación: atención ao director, individualización do papel de cada alumno e escoita en conxunto do que fan os demais.

Non se utilizará libro de texto, senón apuntamentos puntuais que se facilitarán fotocopiados.

Materiais e recursos didácticos a disposición do Departamento

O IES de Neda conta con:

-Unha televisión HD.

- Unha aula específica para impartir as clases de Música. Dita aula está dotada dunha equipa de reprodución para discos compactos e DVDs, cunha calidade de reprodución aceptable.

-Un piano eléctrico (Clavinova) en mal estado, con rexistros de piano, cravo e órgano.

- Unha colección de discos compactos de 70 unidades, que abrangue case todos os estilos da música culta occidental.

- Unha guitarra española.

- Doce xilófonos de distintos tamaños e afinacións (algúns en mal estado).

- Instrumentos variados de percusión.

-Un tomo de Historia da Música, ademais dun exemplar do libro "**Iniciación á linguaxe musical**" de Paulino Pereiro, cedido polo autor. Conta ademais cunha ducia de libros variados (antigos libros de texto) sobre temas relacionados coa Música.

Indicadores de logro para avaliar o proceso da práctica docente

O profesor irá adaptando a maneira de impartir as aulas segundo o nivel do alumnado, certificado previamente polas probas ao inicio do curso (avaliación inicial) e pola constatación do maior ou menor grao de aprendizaxe da materia impartida. A constatación virá dada polos resultados académicos e a percepción do maior ou menor interese sobre os temas impartidos.

Dado que parte do alumnado non se interesa pola materia en 2º e 3º da ESO (cando é obrigatoria) será precisamente neses cursos onde se prestará maior atención á autoavaliación da práctica docente.

Avaliación inicial

Acreditación de coñecementos previos

Os alumnos de 2º de ESO, primeiro ano de música no instituto, realizarán unha proba de coñecementos xerais de música nada máis comezar o curso para avaliar o nivel que traen dos cursos de primaria na materia de Música. A proba, realizarase o primeiro día de clase.

Medidas de atención á diversidade

1. Atención personalizada na aula aos casos de problemas de aprendizaxe e/ou de comprensión dos contidos, así como da integración cos demais compañeiros.
2. Adaptación do currículo ás características dos alumnos con problemas, facéndolles exames máis apropiados ás súas limitacións.
3. Seguimento diario do progreso e adecuación ou non das medidas aplicadas.
4. Asistencia a concertos fóra do instituto.

Programación dos temas transversais para 2º de ESO

Durante o desenvolvemento das clases, especialmente nas relacionadas coa música popular urbana e coas músicas étnicas dos diferentes países, procurarase fomentar o respecto polos gustos dos demais, a apreciación da diferenza e a valorización das diferentes maneiras de entender a arte e as funcións da música nos diferentes lugares do mundo e nos distintos estilos de música urbana. Insistirase sobre **o respecto e a tolerancia**.

Actividades complementarias e extraescolares

1. Concertos na aula do profesor comentando as pezas interpretadas.
2. Na medida do posible, traer á aula intérpretes de diferentes instrumentos.
3. Aproveitamento para realizar concertos con alumnos que realicen estudos no conservatorio.

Procedementos para avaliar a propia programación

Ao remate do curso académico, na memoria, incluírase unha valoración dos resultados acadados e dos que non o foron, en relación coas cualificacións do alumnado e coa impartición ou non da totalidade do programa así como das actividades realizadas ou que non puideron ser realizadas.

Información ás familias

Constancia de información ao alumnado

A programación do Departamento está a disposición do alumnado, non só no propio Departamento senón tamén na Biblioteca e (a partires do momento en que esta programación sexa aprobada pola Inspección Educativa, na páxina web do centro). Nela inclúense os contidos, os contidos mínimos, os criterios e procedementos de avaliación e mais as actividades de recuperación dos pendentes.

As familias poderán acceder a esta programación consultándoa ben no Departamento de Música, ben na Biblioteca ou na páxina web do centro. Asimesmo, o profesor mostrará a calquera alumno/a, pai / nai que o solicite a programación aclarando as dúbidas que poidan producirse, especialmente en canto aos criterios e modos de avaliación.

Accións de acordo co proxecto lector

Os alumnos dos diferentes niveis terán que ler ao longo do curso textos relacionados cos contidos impartidos en cada nivel, textos relacionados cos traballos que terán que realizar sobre compositores ou intérpretes.

Accións do plan de integración TIC

Os alumnos dos diferentes niveis farán prácticas na clase sobre a utilización de programas informáticos relacionados coa música. Tamén farán búsquedas (de información e de audicións) na Internet coa finalidade de aprenderen a se manexaren na rede.

Neda, 19 de Setembro de 2022

Asinado:

Paulino Pereiro Martínez,
Xefe do Departamento de Música do IES Fernando Esquíó de Neda.